

Unha oportunidade histórica para o Kurdistan

Manuel Martorell Pérez

Poucos períodos terán sido tan críticos para a historia do pobo kurdo como a última década do século XX. O Kurdistan, o país dos kurdos, dividido por Turquía, Irán, Iraq e Siria, se desgarraba durante estes anos polos catro costados; grandes extensións do seu territorio eran sometidos a campañas de limpeza étnica, aproximadamente 8.000 pobos quedaron arrasados e os exércitos dos diferentes países, campaban ás súas anchas impunemente, cometendo os máis graves delitos contra a humanidade, ante a indiferenza internacional, incluso nas zonas protexidas teoricamente pola ONU.

Para rexións enteiras, especialmente en Turquía e Iraq, a ameaza de seren borradas do mapa era algo máis que unha frase feita; se multiplicaban os conflitos fratricidas entre partidos e os periodistas estranxeiros tiñan prohibido viaxar a moitos lugares que quedaron totalmente illados do resto do mundo, especialmente entre os anos 1995 e 1999.

Tan só cinco anos despois, a situación experimentará unha reviravolta radical. Os kurdos de Iraq non admitían un nivel de autogoberno inferior ao federalismo. O Kurdistan iraquí funcionaba como un Estado independente non recoñecido internacionalmente, e a poboación reclamaba o seu dereito de autodeterminación. No veciño Irán, centos de miles de manifestantes esixían que un Estado federal e democrático substituíra á República Islámica, e na Turquía, por primeira vez na súa historia, se emitían pola radio e televisión públicas programas en lingua kurda, abríanse os primeiros centros educativos neste idioma e ata o recen proclamado presidente sirio, Bachar al Asad, recoñecía a importancia da causa nacional kurda nun país que, como os demais, buscaba no pasado destruír esta nación.

O feito de que o primeiro ministro electo de Iraq, trala caída do réxime de Saddam Hussein, fora un histórico dirixente kurdo, Jalal Talabani, simbolizaba o novo papel que lle tocou xogar ao pobo kurdo nun reordenamento político que afecta a todo o Oriente Medio, dende o mar Mediterráneo ata Afganistán. ¿Que ocorrera nese lustro para que as expectativas do pobo kurdo houberan dado semellante volco? Esta situación sen precedentes non pode explicarse soamente polas consecuencias da intervención militar norteamericana na zona. Calquera aproximación a este problema nacional debe ter en conta as súas especiais características xeográficas, económicas e humanas, así como a súa específica xestación histórica. Soamente así se comprenderá que o reparto colonial desta parte do mundo pechou en falso unha ferida que rematou infectando aos catro países que a padecen e que, parafraseando aos dirixentes kurdos, se poida afirmar que sen resolver este problema non pode haber paz nin estabilidade en Oriente Medio.

As magnitudes da cuestión kurda

O que xeralmente se coñece como o Kurdistan comprende unha rexión fundamentalmente montañosa de Oriente Medio que bordea as planicies mesopotámicas de norte a sueste, seguindo a cordilleira dos montes Zagros e as súas estribacións anatólicas. Este territorio, situado onde conflúen as fronteiras de Siria con Turquía, de Turquía con Irán e destes dous últimos Estados con Iraq, ocupa unha extensión semellante á da Península Ibérica e comprende, aínda que non existen límites xeográficos precisos, o sueste de Turquía, a franxa fronteiriza de Siria con ese país, o noreste de Iraq e o noroeste de Irán.

Tampouco hai estatísticas fiables sobre a súa poboación aínda que, segundo os derradeiros censos, se pode dar, no seu conxunto, unha cifra lixeiramente superior aos 30 millóns de persoas. Deles, case a metade vivirían en Turquía, algo menos de 10 millóns en Irán, aproximadamente cinco millóns en Iraq, entre un millón e medio e dous millóns en Siria, e varios centos de miles dispersos por Armenia, Xeorxia e outras antigas repúblicas ex-soviéticas.

Tampouco hai acordo total sobre a orixe deste pobo pese a que, xeralmente, se acepta que foi formado por etnias autóctonas asimiladas polos indoeuropeos chegados do norte do Cáucaso, portadores da lingua irania que lles caracteriza. O ter permanecido, durante máis de trinta séculos, neste marco xeográfico homoxéneo –as terras altas de Mesopotamia, a cordilleira dos montes Zagros e a súa prolongación cara a Anatolia– lles permitiu conservar unha cultura e unha organización social ancestrais pero, ao mesmo tempo, fixo quedalos á marxe dos procesos históricos que conformaron o actual mapa de Oriente Medio.

O valor económico –petróleo, auga e terras fértiles– e estratéxico deste territorio impediu que, despois da desintegración do Imperio Otomano trala I Guerra Mundial, xurdira un Kurdistan independente, provocando a actual división polas fronteiras de Turquía, Siria, Iraq e Irán. Dado que a súa importancia xeoestratéxica non deixou de aumentar, especialmente trala II Guerra Mundial e a conseguinte división do planeta en dous bloques, ningunha potencia nin organización internacional se atreveu a cuestionar este *status quo*. A realidade é que hoxe os kurdos compoñen o maior pobo sen Estado do mundo e representan un dos principais problemas políticos internos destes catro países, se non o principal, cunha gran capacidade desestabilizadora, tal e como se demostrara recentemente na crise de Iraq, durante o proceso de adhesión de Turquía á Unión Europea, coa maior revolta popular rexistrada en Siria e no caso do réxime dos aiatolás en Irán.

Os fundamentos xurídicos: o dereito de autodeterminación

O problema kurdo, tal e como está aflorando nestes momentos tanto en Iraq como en Turquía, Siria e, incluso, Irán, evidencia unha falta de previsión por parte das potencias –Inglaterra e Francia, principalmente– no momento de crear os actuais Es-

tados; neses anos –entre 1920 e 1925–, non se tivera en conta esta potencialidade desestabilizadora, activando así unha bomba de relojería que, 80 anos despois, terminou por estoupar.

Dende o punto de vista xurídico, a cuestión kurda se fundamenta no dereito de autodeterminación recollido no programa do presidente norteamericano Woodrow Wilson para afrontar a descolonización dos pobos non turcos do Imperio Otomano, en concreto, os armenios, kurdos e árabes. O Tratado de Sèvres, asinado o 10 de agosto de 1920 coa colaboración de representantes kurdos, recolle este dereito, aceptando a independencia dos territorios situados ao leste do río Eufrates e a posibilidade de que a este Kurdistan independente se adherira o chamado Vilayato de Mosul, habitado fundamentalmente por kurdos e disputado por Turquía, Inglaterra e, en menor medida, Francia (a Yazira). De conformidade con este tratado, soamente as rexións kurdas de Irán quedaban á marxe do dereito á autodeterminación.

O problema complicouse cando, debido aos éxitos militares de Mustafá Kemal Atatürk fronte aos exércitos gregos en Esmirna e Tracia, as potencias aliadas substituíron o Tratado de Sèvres polo de Lausana –24 de xullo de 1923– sen ter en conta, nesta ocasión, a opinión dos representantes kurdos. Agora se aceptaban dereitos culturais e relixiosos das minorías, pero se pechaban as portas a un dereito de autodeterminación, recoñecido a outros pobos, que os kurdos non tiveran a oportunidade de exercer.

Especialmente reveladoras para comprender ata que punto eran conscientes os contendentes –especialmente os británicos e os turcos– do carácter diferencial da realidade kurda, son as intervencións que tanto Ismet İnönü, primeiro ministro de Turquía e man dereita de Atatürk, como Lord Curzon –e máis tarde Amery–, realizaran nas sucesivas roldas negociadoras. No primeiro caso, Ismet İnönü definiu a nova República de Turquía como un Estado compartido por dous pobos –kurdos e turcos– que gozaban dos mesmos dereitos a tódolos niveis. Pola súa banda, os delegados británicos recoñeceron que o Vilayato de Mosul –o Kurdistan iraquí– non formaba parte do proxecto inicial de Estado árabe que despois recibiría o nome de Iraq (circunscrito entón aos vilayatos de Bagdad e Basora).

Ambas delegacións se negaron a realizar consultas á poboación nas zonas baixo a súa xurisdición, pese a que cada unha das contrapartes esixíalla á outra recoñecendo, polo tanto respectivamente, que se debía consultar a opinión do pobo kurdo antes de tomar unha decisión irreversible sobre o futuro das rexións habitadas maioritariamente por kurdos.

A resposta a ambas negativas foron as primeiras grandes revoltas en Turquía –principalmente a liderada en 1925 polo cheik Saïd– e en Iraq, baixo a dirección neste caso de Mahmud Berzenji. Dende entón o problema non fixo máis que obstruírse en cada un destes dous países porque estes primeiros levantamentos iniciaron unha sucesión de insurreccións ata que as rexións kurdas quedaron pacificadas pola forza, pero sen resolver en absoluto o problema que as xerara: a non aplicación do dereito de autodeterminación que se lles prometera.

Nun proceso paralelo, as revoltas de Ismail Simko en Irán –asasinado en 1930– e de Jafar Sultán, en 1931, desembocarían na proclamación da República de Mahabad no ano 1946, verdadeiro símbolo e referencia para os kurdos de todos os países por representar o primeiro e único Estado kurdo que existiu na historia contemporánea. A República de Mahabad non soamente aglutinou a nacionalistas kurdos de Irán, Iraq, Turquía, Siria, Armenia e, incluso do Líbano, senón que, pese á súa efémera existencia –só durou 11 meses– de entón xurdiron os dous principais elementos simbólicos aceptados de forma colectiva por este pobo –o seu himno e a bandeira de Mahabad– e tamén o primeiro partido moderno, o PDK (Partido Democrático do Kurdistan), do que, en definitiva, xurdirán tódalas organizacións existentes actualmente.

A consolidación da conciencia nacional

Dende que se consolidou a división do Kurdistan, os compoñentes identitarios deste pobo –idioma, cultura, tradicións, festividades, estrutura social...– seguiron sendo compartidos dun xeito xeral, aínda que en cada unha desas partes as aspiracións nacionais tomaran camiños distintos. Durante estes 80 anos, a embrionaria conciencia nacional non fixo máis que radicalizarse debido ás violentas campañas anti-kurdas dos sucesivos gobernos que, nalgúns casos, excederan amplamente as medidas represivas para entrar no terreo da limpeza étnica e, incluso, do xenocidio.

Irán

Que a República kurda de Mahabad fora proclamada practicamente ao mesmo tempo, ao remate da II Guerra Mundial, que a chamada República autónoma de Azerbaiyán suscitaba por primeira vez na historia de Irán o problema da autonomía esixida polas diferentes nacionalidades que compoñen este país fronte ao poder central. Sen embargo, as potencias aliadas –fundamentalmente Gran Bretaña e EEUU– que ocupaban Irán por ter axudado á Alemaña nazi, non aproveitaron esta ocasión histórica para resolver este secular contencioso e optaron de novo, como trala I Guerra Mundial, por restablecer un sistema autoritario e centralista respaldando, precisamente, á dinastía persa que se aliara con Hitler.

A política do Sha Reza Phalevi respecto ás reivindicacións de kurdos, azerís, árabes, baluches ou turcománs consistiu, consecuentemente, na “iranización” de todo o país, postergando unha vez máis a resolución dun problema que, máis tarde ou máis cedo, rexurdiría de novo.

A testemuña daquela experiencia autonómica foi recollida polo actual PDKI (Partido Democrático do Kurdistan de Irán) –non confundilo co PDK de Iraq– que seguiu liderando a loita dun pobo que, xunto ás súas reivindicacións nacionais, verase sometido, a partir da proclamación da República Islámica en 1979, a unha ditadura relixiosa xif que, en non poucas ocasións, exacerbou os sentimentos maioritariamente suníes dos kurdos.

O PDKI, tras combater ao Sha, dirixiu o primeiro levantamento contra o réxime integrista do aiatolá Jomeini que, a súa vez, declarou a súa primeira “guerra santa” a este partido para, a continuación, converter o Kurdistan iraní nun xigantesco campo de concentración onde foron destruídos centos de pobos e onde non pararon de funcionar os pelotóns de execución e as grúas nas que se aforcan aos seus militantes. A forza da causa nacional kurda en Irán quedou demostrada en numerosas ocasións, como ocorreu nas violentas protestas contra o secuestro de Abdulá Oçalan en 1999 pero, sobre todo, durante as masivas manifestacións nas principais cidades do Kurdistan iraní para celebrar a entrada en vigor da Lei Administrativa Transitoria de Iraq, que recoñecía o dereito ao federalismo dos seus irmáns iraquís.

Turquía

Tras esmagar a última revolta –a de Dersim de 1936 a 1938–, a consigna kemalista “un só pobo, unha soa lingua, un só Estado” impregnou o funcionamento de toda a estrutura estatal, negando a existencia non soamente do problema kurdo senón do seu pobo, o seu idioma, a súa cultura e o seu país, ao tempo que se prohibía, baixo ameaza de severos castigos, calquera uso público deste idioma.

As provincias kurdas, que recibiron o nome eufemístico de “sureste de Anatolia”, foron abandonadas á súa sorte, afondando no seu xa endémico subdesenvolvemento baixo un estado de ocupación militar e en medio dunha represión xeralizada. Tratar aos kurdos como cidadáns de terceira categoría e a conseguinte animadversión, cando non sinxelamente odio, cara o Exército, a policía, os funcionarios, as autoridades e os partidos turcos, fizo posible que a organización máis radical das que xa existían entre os kurdos –o PKK (Partido dos Traballadores do Kurdistan)– lograra un apoio popular indiscutible entre a poboación.

A política de “terra queimada” aplicada polo Exército durante toda a década pasada provocando a destrución de case 4.000 pobos, as execucións extraxudiciais, a tortura sistematizada aos detidos e o éxodo de varios millóns de persoas ás grandes cidades –como Diyarbakir, Batman, Adana, Izmir ou Istanbul– lograron acurrallar a insurrección armada do PKK tras dez anos de enfrontamentos, pero crearon unha crise social e política de dimensións sen precedentes, que entenderon o problema kurdo por toda Turquía e, incluso, o exportaron cara Europa, en forma de refuxiados.

A imposibilidade de que as organizacións kurdas serviran de válvula de escape a esta explosiva situación, xa que ou ben estaban prohibidas ou tiñan vetado o acceso ao Parlamento ao esixirilles un mínimo do 10 por cento en todo o Estado para conseguir parlamentarios, colocou a Turquía nunha canella sen saída cando, nos anos 2003 e 2004 tivo que negociar o proceso de adhesión á Unión Europea. É máis que significativo que, durante estas negociacións, saíra a colación o Tratado de Lausana, teórica e dende o punto de vista do dereito internacional aínda en vigor, para esixir a Turquía que cumprira coas cláusulas relativas ao respecto dos dereitos culturais das minorías étnicas e relixiosas.

Siria

O sistema baasista de Siria –situado á esquerda do Baas iraquí– tamén puxo en marcha a súa propia limpeza étnica –o denominado “Cinto Árabe”–, aínda que paralizou a súa aplicación para concentrar as enerxías nas dúas maiores ameazas que tivo o goberno de Hafez al Asad: a exterior, fronte a Israel; e a interior, aínda máis perigosa, dos Irmáns Musulmáns, cun brazo armado –a Vangarda Combatente– que fixo tambalear o réxime de Damasco.

Pese a non ter practicado sanguentas políticas, como si ocorreran en Turquía, Irán ou Iraq, Siria mantén, dende o seu nacemento como Estado, preto de 300.000 kurdos indocumentados, aos que se priva tanto da nacionalidade siria como dos dereitos máis básicos dos demais cidadáns.

O Kurdistan sirio foi considerado sempre como a zona onde a conciencia nacional estaba máis atrasada, debido ao carácter disperso do seu territorio e a unha demografía pouco homoxénea. Sen embargo, este aparente atraso non se corresponde coa realidade; en primeiro lugar, pola grande cantidade de mozos que sacrificaran as súas vidas combatendo nas filas doutros partidos kurdos, fundamentalmente no PKK; doutra banda, polo feito de que as masivas revoltas populares de marzo de 2004, as máis multitudinarias das rexistradas en Siria, tiveron como causa principal a solidariedade cos kurdos de Iraq, un feito que evidencia un elevado nivel de conciencia acumulado durante décadas e que se exteriorizou con facilidade cando tivo a oportunidade de facelo.

Resulta obvio que a presenza de tropas norteamericanas no veciño Iraq e as promesas realizadas ante toda a comunidade internacional de realizar reformas democráticas, impediron ao novo presidente Bachar al Asad, levar a cabo unha sanguenta represión, como a aplicada contra os islamistas a comezos dos anos 80.

Iraq

Pero onde, sen lugar a dúbidas, as políticas represivas provocaron unha maior transformación da conciencia nacional dos kurdos foi en Iraq. Dende a declaración de independencia en 1930, a poboación do antigo vilayato otomano de Mosul non deixou de reclamar o seu autogoberno, inicialmente para exercer o dereito de autodeterminación e despois aceptando un sistema autonómico dentro de Iraq.

A resposta de case tódolos gobernos, comezando pola monarquía do rei Faisal I, foi a ocupación militar e o bombardeo de pobos e cidades. Esta política chegou ao seu punto culminante co goberno de Saddam Hussein e a súa “Campaña Anfal”, eufemismo dun detallado plan que supoñía aniquilar en masa á poboación kurda. Trala Campaña Anfal, calculouse que preto de 200.000 civís foron asasinados, máis de 4.500 pobos e cidades destruídas, 400 localidades obxecto de bombardeos con armas químicas e, aproximadamente, o 10 por cento da poboación kurda –unhas 400.000 persoas– afectadas, dun ou doutro xeito, por gases letais.

Durante anos, o principal temor da poboación kurda de Iraq foi a posibilidade de certa de ser exterminada polo exército do seu propio país. En 1989, ante a prensa

internacional acreditada en Bagdad, o vicepresidente Taha Ramadán asegurou publicamente que “en 1992 os kurdos serían unha minoría no Kurdistan”. Este xenocidio contra os kurdos de Iraq non alcanzou o seu obxectivo sinxelamente porque a invasión iraquí de Kuwait desencadeou a Guerra do Golfo de 1991 e, despois dela, as potencias aliadas víronse na obriga de protexer a poboación civil dos ataques da Garda Republicana, cuns efectivos que a Alianza Internacional deixara intactos.

Lamentablemente, hai que recoñecer que estes feitos abriron un abismo insalvable entre a poboación kurda e o resto de Iraq, ata o punto de que entre os kurdos se consolidara o sentimento de non pertencer a este país e de rexeitar calquera proxecto en común coa poboación árabe, especialmente cos suníes, a quen se responsabiliza, por ter constituído a principal base social do réxime, das masacres de que foron vítimas. Isto é o que explica que unha poboación que durante décadas apoiara as propostas autonomistas dos partidos kurdos tradicionais, hoxe reclamen, dun xeito practicamente unánime –como se demostra no referendo paralelo ás eleccións do 30 de xaneiro de 2005–, o dereito á autodeterminación, para decidir se queren continuar pertencendo a Iraq.

Este cambio cualitativo na conciencia colectiva dos kurdos iraquís puxo sobre a mesa o principal problema que lastrou o Iraq dende a súa fundación como Estado árabe: ter sido gobernado baixo a hexemonía política da minoría árabe suní a costa dos dereitos do pobo kurdo e da maioritaria poboación xuí.

A “nova orde” en Oriente Medio

Obviamente, as expectativas que actualmente suxire a cuestión kurda non poden dissociarse dos profundos cambios xeoestratéxicos que se están producindo por iniciativa de Estados Unidos en todo Oriente Medio. Os kurdos saben perfectamente que estes cambios pouco teñen que ver coas armas de destrución masiva, a prevención contra o terrorismo ou a defensa dos dereitos humanos, pola sinxela razón de que padeceron durante décadas estes tres azotes da humanidade por parte de rexímenes que, directa ou indirectamente, estiveron apoiados polas potencias que utilizaron este tipo de argumentacións para xustificar ante a opinión pública mundial as operacións militares de Afganistán e Iraq.

O que se está xerando en Oriente Medio, entendendo este concepto xeográfico no seu sentido mais amplo –dende o mar Mediterráneo ata as repúblicas ex soviéticas de Asia Central– é o reordenamento das alianzas establecidas por Estados Unidos para controlar esta zona trala desarticulación da Unión Soviética. Ata que os grupos de Al Qaeda, apoiados polos talibáns, comezaron a atentarse contra as embaixadas norteamericanas de Quenia e Tanzania, en 1998, a Administración Clinton tivo unha actitude de pasividade cara este novo movemento integrista.

Clinton mantería, ata ese momento, basicamente o sistema de alianzas dos presidentes Ronald Reagan e George W. Bush pai, baseado no apoio incondicional a

sistemas reaccionarios, ditatoriais, culturalmente monolíticos e extremadamente ríxidos en materia relixiosa, como o eran os propios talibáns, Arabia Saudita ou o réxime de Saddam Hussein, conservado no poder dende que acabara a Guerra do Golfo de 1991. As medidas ultrafundamentalistas dos talibáns, que chegaron ao seu paroxismo coas execucións públicas de mulleres e a destrución dos Budas Xigantes de Bamiyán, puxeron en evidencia este sistema de alianzas; neste sentido, os atentados do 11 de setembro e a participación de cidadáns sauditas nos mesmos, só confirmaron o potencial perigo que supoñía para os intereses norteamericanos.

Estados Unidos abandonou a pasividade nesta rexión do planeta, co propósito de anular esas ameazas potenciais, o que supoñía acabar non só cos talibáns senón tamén cos rexímenes de Iraq, Irán e, en menor medida, de Siria. Esta nova visión xeoestratéxica necesitaba, sen embargo, establecer novas alianzas e eses novos aliados non podían ser outros que aqueles sectores da poboación que, ben por motivos étnicos, relixiosos ou políticos, se opoñían a eses rexímenes ditatoriais. Non ten outra explicación que movementos como o liderado polos tayikos do Comandante Masud en Afganistán pasaran, practicamente da noite á mañá, de ser viláns a heroes, tras permanecer durante toda unha década no peor dos ostracismos.

O mesmo ocorrerá posteriormente cos estudantes e os reformistas desengañados en Irán, cos partidos kurdos e xiís en Iraq ou, incluso, cos drusos no Líbano, todo iso a pesar da oposición inicial de rexímenes tradicionalmente aliados de Estados Unidos. Neste sentido, cómpre lembrar que Paquistán estaba enfrontado á Alianza do Norte do Comandante Masud, á súa vez apoiado por Rusia e India, Arabia Saudita se opoñía á hexemonía xií en Iraq e a mesma actitude mantería Turquía ante a ascendente relevancia que a cuestión kurda estaba tomando en toda a zona.

A crise de Iraq

Pese ao illamento e abandono internacionais, sobre todo dende que en 1995 pechara o único paso fronteirizo que lle conectaba co exterior, o Kurdistan iraquí funcionou como un Estado independente “de facto”, dividido en dúas administracións: a do PDK con base en Arbil e a do UPK (Unión Patriótica do Kurdistan), con capital en Suleimaniya. A posta en marcha do programa Petróleo por Alimentos e as taxas cobradas ao tráfico ilegal de carburantes, permitiu a estes dous gobernos dotarse de medios económicos suficientes para reactivar a agricultura, intensificar a reconstrución de pobos destruídos e sentar as bases dun verdadeiro Estado.

A realidade é que, no momento en que se inician os preparativos para a invasión angloamericana, o Kurdistan iraquí conta xa con exército (os *peshmergas*), policía e sistema xudicial propios, existe unha administración municipal, funcionan catro universidades, varias emisoras de televisión –dúas delas vía satélite– e na rúa pódense atopar xornais de calquera tendencia política. Centos de partidos e asociacións de todo tipo, incluídas moitas que defenden os dereitos da muller, formaban un embrión

de sociedade civil arroupado por un desenvolvemento económico, en base a unha produción agropecuaria excedente, un considerable comercio ilegal e os programas de reconstrución das infraestruturas financiados pola ONU.

Esta situación, sen precedentes na historia do pobo kurdo –se deixamos de lado os once meses de independencia en Mahabad– é a que levou tanto a Masud Barzani (PDK) como a Jalal Talabani (UPK) a opoñerse á invasión angloamericana e a rexeitar unha aventura na que o pobo kurdo podía ser traizoado de novo. Ambas organizacións, xunto ao resto da oposición iraquí –a excepción do Partido Comunista e do grupo xií *Al Dawa al Islamiya* (A Chamada do Islam)–, mudaron de posición cando recibiron garantías de que o Kurdistan non sería abandonado á súa sorte, Turquía non podería intervir nos asuntos internos do Kurdistan iraquí e o proxecto político alternativo ao sistema baasista de Saddam Hussein estableceríase sobre as bases do federalismo.

O valor estratéxico das organizacións kurdas, nun territorio que acollería as bases do resto dos partidos opositores ao Baas, multiplicouse inesperadamente ao decidir a Asemblea Nacional turca quedarse á marxe da operación, impedindo a Estados Unidos crear a chamada “fronte norte” de Iraq, o principal da ofensiva militar contra Saddam Hussein.

Os acontecementos posteriores á invasión angloamericana, dun xeito especial a resistencia maioritaria da poboación árabe suní á ocupación e o temor a unha excesiva influencia das organizacións integristas xiís, non soamente confirmou a importancia das forzas kurdas senón que as converteu na peza clave para atopar unha saída á crise. Deste xeito, o PDK e a UPK puideron recuperalo control de zonas onde estaba moi avanzado o proceso de arabización forzosa, ata o punto de que nalgúns casos semellaban xa irrecuperables incluso para os propios kurdos. Sinjar –de gran valor cerealístico– xunto á fronteira siria, os barrios situados na parte este do río Tigris en Mosul, as fértiles planicies de Majmur, a ruta comercial de Janaquín cara Irán e, sobre todo, a rexión de Kirkuk, o enclave petrolífero onde se calcula que se conserva o 6 por cento das reservas de petróleo de todo o mundo, volveron a ser administradas polos partidos kurdos. Nesta inesperada conxuntura, o Goberno kurdo puido consolidar e intensificar os avances conseguidos durante unha década de independencia *de facto*, presentándose ante o resto de Iraq como un modelo a seguir de democracia, desenvolvemento e sociedade civil.

Desde o comezo, xunto aos principais partidos e dignatarios xiís, comunistas, cristiáns, turcománs e a sectores significativos suníes –os que apoian ao ex presidente Gaza al Yawar e ao Partido Islámico de Iraq–, os partidos kurdos se comprometeron a promover unha transición política que permitira a Iraq saír da grave crise provocada pola invasión angloamericana. O pasado 30 de xaneiro, os kurdos acudiron dun xeito masivo ás urnas para elixir os consellos provinciais de Dahok, Arbil, Suleimaniya e Kirkuk, o novo Parlamento autónomo –Asemblea Nacional Kurda– e os seus representantes ao Parlamento de Bagdad.

Deixando de lado a validez ou non do proceso electoral debido ao boicot da minoría suní, nestas eleccións rexistráronse tres feitos que poden ser cualificados de históricos no Kurdistan: por primeira vez, a UPK avantaxaba en votos aos seus rivais do PDK, e no Parlamento de Arbil –ata entón case exclusivamente en mans destes dous partidos– entraban partidos turcománs, socialistas, comunistas, laboristas e islámicos de diferentes tendencias, e a lista conxunta apoiada polo PDK-UPK en Kirkuk, lograba impoñerse cunha grande diferenza de votos á Fronte Turcomán, organización apoiada por Turquía, que defende o carácter turco desta cidade.

Cuns elevados niveis de seguridade e estabilidade, con dous aeroportos internacionais, centos de empresas estranxeiras traballando, un puxante sector comercial e agrícola, unha incipiente industria turística e unha rede de Internet e telefonía móbil amplamente estendida, os kurdos (o 20 por cento da poboación de Iraq e cuarta parte do seu territorio “útil”) presentan –e en menor medida as provincias xiís (a metade sur e o 60 por cento da poboación)– unha realidade de Iraq radicalmente oposta á do denominado Triángulo Suní, practicamente a única que se difundiu polos medios de comunicación durante os dous derradeiros anos.

Os partidos kurdos de Iraq repetiron que soamente abandonarán o actual proceso de transición no caso de que se rexeite a súa proposta federal, se a futura Constitución asume un carácter integrista islámico ou se pechan as portas á reintegración de Kirkuk, Sinjar ou Janaquín no Kurdistan federal. Neses casos, segundo anunciaron, retiraríanse de novo ás súas zoas montañosas do norte o que, con toda probabilidade, colocaría primeiro a Iraq na beira da guerra civil e, despois, abriría as portas á independencia, opción que xa está solidamente asentada na conciencia colectiva debido, fundamentalmente, ás secuelas deixadas polo xenocidio. Trátase dun cambio transcendental, cun forte contido psicolóxico, que afectou dun xeito especial a unha mocidade que creceu baixo a permanente ameaza do exterminio físico.

A consecuencia práctica deste fenómeno sociolóxico é que un denominado Movemento polo Referendo de Autodeterminación levou a cabo unha mobilización popular sen precedentes, con máis de dous millóns de sinaturas recollidas, sacando á rúa a centos de miles de persoas e recibindo o apoio do 98 por cento dos electores nunha consulta paralela organizada á saída dos colexios electorais o mesmo día 30 de xaneiro de 2005. Indubidablemente, sen ter en conta este factor, non pode entenderse a actitude do pobo kurdo na crise de Iraq, sobre todo porque, paradoxalmente, sitúa o problema nacional kurdo no seu punto de partida, na situación previa á formación do Estado de Iraq, cando, nos anos 20, Turquía e Inglaterra se disputaban a súa xurisdición sobre o Vilayato de Mosul mentres negociaban a aplicación do Tratado de Lausana.

A proxección rexional do federalismo iraquí

Unha das interpretacións sobre a actual crise de Iraq, compartida por algúns analistas norteamericanos e tamén kurdos, defende que, no fondo, o obxectivo final

da ocupación angloamericana de Iraq sería estender o modelo político-social do Kurdistan iraquí ao resto do país para que, despois, o modelo político de Iraq sirva de referencia para toda a rexión, especialmente para Turquía, Irán e Siria.

Esta proposta, que coincide coas últimas previsións estratéxicas sobre todo Oriente Medio asumidas tanto pola Administración Bush como polo Grupo dos 8 na súa última reunión, supoñían a substitución dos sistemas políticos vixentes, baseados en rexímenes rixidamente autoritarios, centralistas e monolíticos, cultural e confesionalmente, por outros máis acordados, respectuosos e tolerantes coa diversidade relixiosa, étnica e ideolóxica que coexistiu, non sen dificultades, durante máis de vinte séculos. Trataríase, en definitiva, duns sistemas que, aínda non sendo exactamente homologables coas democracias occidentais, si estarían baseados na pluralidade nacional e no exercicio real das liberdades básicas, como serían as de opinión, prensa, asociación ou de crenzas relixiosas.

Resulta obvio que os kurdos –o cuarto pobo da zona tralos árabes, turcos e persas– serían os principais beneficiarios dese pluralismo, pero non os únicos. Entre os outros segmentos significativos de poboación especialmente receptivos a estes cambios estarían: os alevís, cristiáns, árabes, lazés e armenios en Turquía; os cristiáns, alawíes e drusos en Siria; os cristiáns, yezidis e turcománs en Iraq; e en Irán as numerosas correntes heterodoxas islámicas, ademais doutras nacionalidades –árabes, azerís ou os baluches–; e, en todos estes países, as emerxentes correntes islámicas reformistas e modernizadoras, aparte dos tradicionais partidos de esquerda e laicos que levan décadas sumidos na semiclandestinidad.

Como manifestou recentemente Mustafá Hejri, elixido secretario xeral do Partido Democrático do Kurdistan de Irán (PDKI), dado o carácter dictatorial destes rexímenes, calquera cambio significativo nun deles repercute necesariamente nos demais. Un claro exemplo desta influencia foron as masivas manifestacións que se rexistraron nas principais cidades do Kurdistan iraní a partir do 8 de marzo de 2004, para celebrar que a Lei Administrativa Transitoria de Iraq (Constitución provisional) recollera a reivindicación kurda do federalismo. Este partido iraní, que xa demostrara en numerosas ocasións a súa incidencia política entre os kurdos iranís, non soamente aproveitou a conxuntura internacional para resucitar a súa antiga consigna federal senón que agora está liderando a formación dun Congreso das Nacionalidades, no que están representados partidos kurdos, azerís, baluches, árabes, turcománs e kakais.

Este Congreso suxería o modelo federal como única opción para resolver o histórico problema –nunca resolto– da configuración plurinacional de Irán –os persas son en realidade unha minoría fronte ao conxunto dos demais pobos– e espera xogar un papel esencial cando a oposición iraniana deba propoñer unha alternativa ao esgotado réxime integrista da República Islámica, cun illamento evidente se temos en conta os elevados índices de abstención rexistrados nas últimas eleccións.

O mesmo se podería dicir das revoltas de Siria, iniciadas sen aínda rematar as de Irán. Resulta altamente significativo que, como xa se mencionara anteriormente, o motor desta insurrección popular foran os gritos que partidarios dun

equipo de fútbol árabe deron no Estadio de Qamisli contra os dirixentes kurdos iraquís, Masud Barzani e Jalal Talabani. Estes gritos foron contestados polos afeccionados do equipo local, fundamentalmente kurdos e cristiáns, provocando así os primeiros choques que logo se estenderían non só a Qamisli, senón tamén a Amuda, Diwasiya, Derik, Kobani, Alepo e Afrín. A gravidade dos disturbios obrigou ao propio presidente Bachar al Asad, a recoñecer a existencia dun feito nacional kurdo en Siria e a comprometerse a atopar unha solución ao problema dos kurdos “indocumentados”, un feito igualmente sen precedentes dende que Siria alcanzou a independencia ao poñer Francia fin ao mandato recibido trala I Guerra Mundial sobre este antigo territorio do Imperio Otomano.

Todo indica que, no caso de que a situación de Iraq se normalice e a comunidade suní termine integrándose –a pesar da permanencia de grupos armados minoritarios– no proceso de transición, resulte inexorable o cambio de réxime no veciño Irán e que ese cambio suxire resolver definitivamente o problema das nacionalidades. Nin Siria nin Turquía poden permanecer fora deste marco e ambos países deberán asumir os seus propios problemas nacionais kurdos, sobre todo se, como desexan, pretenden afondar na súa aproximación a Occidente a través das súas relacións coa Unión Europea –Turquía debido ao proceso de adhesión e Siria polas súas estreitas relacións con Francia e España–. Entón, o modelo ultracentralista do kemalismo sobre o que se fundou a República de Turquía non poderá seguir ignorando as esixencias culturais e políticas de quen, de acordo cos elevados índices de natalidade, suporán case a metade da poboación de toda Turquía dentro de catro décadas.

As actuais concesións –tolerancia política, administracións municipais, academias privadas en kurdo e algunhas horas de emisión neste idioma na radiotelevisión estatal– son o comezo dun camiño que deberá rematar nalgunha forma de autogoberno para todo o Kurdistan turco. Algo máis afastado no tempo estaría a autonomía para as zonas kurdas de Siria –Kurd Dag, Kobani e a Yazira–, xa que só poderá suscitarse esta situación despois de que se produza un cambio democrático, longo e traumático, para o que o actual presidente, Bachar al Asad, está colocando os cimentos. A ninguén se lle escapa que, como ocorreu na URSS durante a “perestroika” de Mijail Gorbachov, a desaparición dun réxime tan rixido coma o baasista pode liberar tensións integracionistas e relixiosas hoxe soamente latentes, como podería acontecer entre os alawís (xiís), minoritarios pero detentores do poder, e os suníes maioritarios, ou entre os árabes e os kurdos.

Resulta pois, dentro do factible que, a medio prazo, nos atopemos cun Estado federal kurdo en Iraq que sirva de referencia constante para unha hipotética autonomía kurda en Irán e un máis incerto proceso de descentralización en Turquía. O que, a todas luces, parece moito máis improbable é un proxecto nacional que aglutine ás catro partes en que quedou dividido o Kurdistan trala I Guerra Mundial, causando graves desaxustes que duraron case un século. Resulta tamén indiscutible que o ter utilizado ante este problema e durante tanto tempo só medidas represivas, fixeron posible que a conciencia e o movemento nacional kurdo sexa un fenómeno político e

cultural estendido por todo o Kurdistan, algo que non ocorría cando se marcaron as actuais fronteiras.

Esta é a razón pola que o problema nacional do Kurdistan en Oriente Medio terá que ser asumido, tarde ou cedo, polas potencias rexionais e internacionais no marco dunha democratización económica, social e política de toda a zona. Os kurdos de Turquía, Siria, Irán e Iraq, pola súa banda, conscientes de que ese proxecto nacional unificado resulta agora inviable, intensifican as súas relacións culturais, económicas e políticas, á espera de que, nunha conxuntura máis adecuada, esta interrelación sexa recoñecida institucionalmente pola comunidade internacional, superando así a división artificial de fronteiras creada polo Tratado de Lausana de 1923. Ese foi sempre o soño inalcanzable dos kurdos, un soño que, sen embargo, nunca estivo tan ao alcance da man como agora.

Manuel Martorell Pérez é xornalista e escritor especializado en Oriente Medio e un dos mellores coñecedores do problema kurdo. É autor de dous libros sobre o Kurdistan –“Los kurdos: historia de una resistencia” (Espasa) e “Kurdistán: viaje al país prohibido” (Akal)– así como coautor noutras dúas obras –“Irak: reflexiones sobre una guerra” e “Kurdistán: el complot del silencio”–. É asiduo colaborador e analista do xornal El Mundo, do que foi fundador.